

DATA	13/08/2010
Nº	1476

1024 RBF/mmb

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución da obra denominada "aglomerado de Goiente a Fornos (Sueiro)", incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos, a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. O 2 de maio de 2010, mediante a resolución nº 992, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, aprobou o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "aglomerado de Goiente a Fornos (Sueiro)".

2. Con datas 18, 21 e 25 de xuño de 2010, envíanse invitacións ás empresas indicadas na devandita resolución: CONSTRUCCIONES PAN Y DIAZ SL, CANARGA SL e CONSTRUCCIONES CONCIFA SL.

3. Unha vez que se analizou a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores teñen capacidade suficiente para ser admitidos no procedemento de contratación, e se solicita da Área do Medio, Servizos e Obras a valoración das mesmas.

4. Unha vez que se viu o informe que emite o técnico municipal e as ofertas económicas que se presentaron, determinase a oferta máis vantaxosa para esta administración en base aos criterios que se establecen nos pregos de condicións administrativas particulares de aplicación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135 LCSP establece que o órgano de contratación acordará a adxudicación provisional en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar provisionalmente a obra "aglomerado de Goiente a Fornos (Sueiro)" á empresa CANARGA, S.L, CIF B-15360902, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se establecen, fixando o prezo en 26.851,56€, máis IVE, e o prazo de execución en unha con cinco (1,5) semanas.

DATA	13/08/2010
Nº	1476

SEGUNDO.- Requerir ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación: (comprobar que se corresponden cos do PCAP)

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Non estará obrigado a achegar as certificacións positivas indicadas anteriormente no caso de que autorizase a cesión da información tributaria que se indica na cláusula 12.k. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.

b) Xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto.

No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

TERCEIRO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez que transcorra o prazo establecido no parágrafo segundo, se non se procedera á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicatario provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na negociación, sempre que isto fose posible.

CUARTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposta e das características da proposta do adxudicatario que foron determinantes na adxudicación ao seu favor

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra o presente acto administrativo de trámite, cualificado en canto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

DATA	13/08/2010
Nº	1476

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxese o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 10 de agosto de 2010
A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Roberto Babio Fernández

Ana Mª Prieto Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía,
facenda, réxime interior e seguridade

Dou fe,
A secretaria accidental

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 ,
de 1/8/2007)

Ana Mª Prieto Martínez